<ul style="list-style-type: none"> • Practicar e expresar os contidos aprendidos no proxecto amosando comprensión dos mesmos. • Expresar opinión e valorar as producións artísticas propias e alleas 	<ul style="list-style-type: none"> • Contextualiza o aprendido no proxecto (Talk about art). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL, CMCT, CCEC, CAA, CSIEE

Rúbricas de evaluación das competencias

Para a corrección de cada un dos traballos presentados empregarase a seguinte rúbrica de competencias

	9-10	7-8	5-6	0-4
Directions	All directions are followed	Some directions are followed	Few directions are followed	Directions have not been followed
Neatness	Completed artwork is very neat	Completed artwork is neat with some parts less neat	Completed artwork is more messy than neat	Artwork is incomplete
Content	Understanding of content is implicit in the artwork	Understanding of some aspects of content is implicit in the artwork	Understanding of content is not implicit in the artwork	Artwork does not reflect any understanding of content
Timing	Finish the work in class	Finish the work at home, but use the class time properly	Finish the work at home, do not use the class time properly	Work is not finished
Expectations/Improvement	Student has exceeded expectations of his/her ability level	Student has met most expectations of his/her ability level	Student has met few expectations of his/her ability level	Student has not met expectations of his/her ability level
Points				

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

- Atender e participar activamente nas actividades da aula.
- Realizar as tarefas de xeito autónomo.
- Captar o sentido global de mensaxes orais en interaccións variadas.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais.
- Comprender e utilizar fórmulas habituais de interacción (saúdos, identificación persoal,...)
- Describir imaxes e situacións sinxelas.
- Traballar limpa e ordenadamente no libro e fichas.
- Usar algunhas estratexias para aprender a aprender, como pedir aclaracións, acompañar a comunicación con xestos, utilizar dicionarios visuais.
- Entregar o 80% das actividades propostas cunha presentación aceptable.

5. INSTRUMENTOS, PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (MÍNIMOS ESIXIBLES)

A nota de cada avaliación irá composta polos seguintes factores sendo cada un deles un 25% da nota total sobre 10.

- Tráballo e actitude ante a materia: **25%**
- Comportamento: **25%**
- Coñecementos e adquisición dos contidos: **25%**
- Orde, limpeza e presentación dos traballos: **25%**

INSTRUMENTOS

- Observación directa.
- Libro de texto.
- Expresión oral e escrita
- Avaliación por competencias.
- Carpeta de traballos
- Diario de clase.
- Rúbricas
- Proposta de Aprendizaxe

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Diario docente.
- Avaliación inicial.
- Observación sistemática.
- Análise das producións
- Valoración cuantitativa do avance individual (calificacións)
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións)
- Valoración cualitativa do avance colectivo
- Co-avaliación de tarefas de aprendizaxe, traballo en equipo
- Boletíns informativos para os pais

6. TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA

A presente programación foi deseñada para ser desenvolvida ao longo do curso 2021-2022 a razón dun proxecto do libro por trimestre, durante unha hora semanal con cada grupo, segundo se especifica na táboa seguinte.

1º trimestre (do 9 de setembro a o 21 decembro)	2º trimestre (do 10 de xaneiro a o 8 de abril)	3º trimestre (do 19 de abril a o 21 de xuño)
<i>Tasty textures</i>	<i>Garden sculptures</i>	<i>Colourful animals</i>

Nesta área partírase dun **enfoque globalizado das experiencias**, destacando as do ámbito lingüístico, a profundización en coñecementos e técnicas que permitan ao alumnado ser protagonista activo, e onde a súa exploración e interpretación lle leven a interiorizar coñecementos e técnicas, para posteriormente interpretar e crear.

A metodoloxía empregada en Educación Artística partirá da perspectiva do “**saber facer**”, é dicir, os procesos de aprendizaxe realizaranse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, pór en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o intérprete no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas, así como o desenvolvemento da **percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade**.

A Educación artística traballarase desde unha **perspectiva creativa**, mediante actividades que empregan técnicas e procedementos diversos de xeito dinámico e creativo, para así facilitar o desenvolvemento das capacidades do alumnado, a través de creacións artísticas propias.

É fundamental para a adquisición da Competencia artística promover diversas experiencias e ter en conta a participación activa e a motivación do alumnado desde a propia vivencia, permitindo o desenvolvemento da atención, da memoria, das habilidades manipulativas e do pensamento crítico e creativo. Aplicando estratexias como a manipulación, a exploración, a investigación..., crearán as súas propias producións artísticas tanto en tarefas individuais como nas colectivas, permitindo así a capacidade de aprender a aprender, cón fin de que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados en novas aprendizaxes.

Así, a través dos tres proxectos, os alumnos aprenderán de forma activa a través da observación, da análise, do descubrimento e da creación, e mesmo da cooperación e traballo en equipo, sobre:

- As **diferentes texturas** mediante a observación e a análise dunha obra de arte orixinal. Os alumnos investigarán e describirán diferentes texturas e a forma de expresa-las mediante liñas, formas ou cores. Fomentarase a creatividade debuxando e creando texturas imaxinarias e a autonomía elixindo materiais, liñas, formas e cores con fins expresivos, comunicativos e lúdicos. Estudaremos as distintas texturas que atopen na aula ou na contorna inmediata. Os alumnos traballarán autónomamente para crear un retrato con collage pintando/pegando froitas nas partes da cara, fomentando así a súa creatividade e psicomotricidade fina
- As **formas planas e os corpos tridimensionais** mediante a observación e a análise dunha obra de arte orixinal. Os alumnos investigarán sobre as formas e os corpos a través dos obxectos reais e as cousas da súa contorna; na escola, no xardín, nas súas casas e mediante a observación da realidade cón recursos dixitais do método. Os alumnos explorarán

as características físicas das cousas vivas e das que non o están, descubrindo e experimentando o mundo ao seu redor dunha forma empírica. Anima a os alumnos a que interioricen os conceptos aprendidos e os expresen con creatividade e orixinalidade mediante a realización de debuxos e moldeados. Os alumnos traballarán autónomamente para moldear esculturas con plastilina e crear formas vivas o sen vida, desenvolvendo así a súa creatividade e a motricidade fina.

- A **cor e o círculo cromático**, mediante a **observación** e o **análise** dunha obra de arte orixinal. Os alumnos **investigarán** sobre a mestura e a formación de cores por sí mesmos, así como as diferentes tonalidades dunha cor, **explorando** materiais e instrumentos diversos plásticos para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins **expresivos, comunicativos e lúdicos**. Os alumnos traballarán autónomamente para debuxar ou cortar/pegar diferentes formas e crear animais, fomentando así a súa creatividade e psicomotricidade fina.

Desta maneira os alumnos aprenderán a ter confianza nas elaboracións artísticas propias, desfrutar coa súa realización e apreciar a súa contribución ao goce e ao benestar persoal.

O proxecto final de cada proxecto invitará a os alumnos a seleccionar e utilizar materiais e procedementos nas súas producións artísticas así como a planificación dos procesos de elaboración, realización do traballo e exposición do resultado final.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Material do alumnado

- ***ByME Arts & Crafts Projects 1: Green pack***. Editorial Macmillan
- Fichas de traballo
- Diferentes tipos de utensilios para pintar e para debuxar. A meirande parte dos materiais que

empregaremos son os de uso habitual na aula como: cartolinas, lapis de cores, ceras brandas e duras, rotuladores, pegamento, tesoiras, témperas ou acuarelas, lapis, goma, regra, pincel...

Material do profesorado

- Libro do profesor
- Recursos dixitais:
 - Libro de clase interactivo para pizarra dixital
 - Presentacións visuais
 - Contos dixitais (con audio)
 - Flashcards dixitais (con audio)
 - Cancións en karaoke
 - Actividades interactivas
 - Enlaces web
 - Recursos imprimibles

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Teranse en conta os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e as dificultades que presenten individualmente, para adaptar o traballo na aula sempre que sexa preciso.

- Banco de actividades e ideas: sinxelas, de extensión, de revisión e reforzo en cada sesión.
- Recursos audiovisuais para adaptarse a las distintas motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe: Contos dixitais, cancións, fotocopiabes, flashcards dixitais, actividades interactivas, enlaces web, presentacións visuais.

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS e INTERDISCIPLINARIEDADE

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual. Así, ao longo destes proxectos traballaremos de xeito transversal outros contidos curriculares como son:

Os valores:

- Aprecia a obra de arte e o patrimonio cultural e amosa interés por observar e responder sobre ela.
- Aмоса curiosidade e interese por aprender e sentir diferentes texturas.
- Valora e respecta as normas de escoita necesarias para a comunicación.
- Esfórzase en realizar as súas actividades con boa presentación e a utilizar os materiais e espazos escolares de xeito cuidadoso.
- Comprende a importancia de seguir os pasos requeridos para producir unha obra de arte.
- Aмоса curiosidade e interese por aprender a diferenciar entre formas planas e corpos tridimensionais e as formas xeométricas e orgánicas.
- Entende a importancia de seguilos pasos requeridos e precisos para producir unha obra de arte.
- Aprende sobre os seres vivos e os que non o están, reflexionando sobre o seu coidado.
- Aмоса curiosidade e interese por mesturar e elaborar novas cores a partir de cores primarias.
- Reflexiona sobre as súas propias creacións artísticas e as de outros.

As disciplinas de ciencias naturais, lingua estranxeira (inglés) e matemáticas:

- **Matemáticas:** Categorizar alimentos en diferentes categorías. Clasificar alimentos de acordo a súa orixe: planta/animal. Formas/figuras planas (2D) e corpos tridimensionais (3D). Simetría. Formas xeométricas.
- **Ciencias da Natureza:** Froitas e verduras. Recoñecer a importancia de comer froita e verdura como parte dunha dieta saúdale e equilibrada. Recoñecer partes da cara. As plantas e os seres vivos; necesidades, partes dunha planta, ciclos na vida dunha planta Os animais e a natureza.
- **Inglés:** como vehículo para a comunicación oral e escrita.

Para proporcionar ao alumnado múltiples oportunidades para reforzar e amosar o seu coñecemento e destrezas nun rango amplo de contextos.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS

As actividades complementarias planificadas ao longo do curso aparecen na PXA.

Nas programacións de aula se reflectiranse as que se relacionen con cada proxecto e cos resultados de aprendizaxe das mesmas.

11. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

En relación á practica docente os indicadores de logro permíttenos valorar:

- ✓ Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- ✓ Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.

- ✓ Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- ✓ Se se está progresando na liña definida no obxectivo
- ✓ Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado realizará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan resolver as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Para avaliar a programación, utilizaremos este cadro, onde se reflexan: os aspectos a avaliar, o que se pode destacar deles, o que se pode mellorar e as propostas de mellora:

ASPECTOS A AVALIAR	A MANTER	A MELLORAR	PROPOSTA DE MELLORA
1. Temporalización dos proxectos trimestrais			
2. Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
3. Manexo dos contidos na unidade (Os contidos seleccionados foron adecuados e permiten desenvolver adecuadamente os criterios de avaliación fixados)			
4. Descritores e desempeño das competencias			
5. Realización e selección de tarefas			
6. Estratexias metodolóxicas seleccionadas (se resultaron motivadoras, axeitadas...)			
7. Recursos (Os espazos utilizados foron os adecuados. E os recursos empregados facilitaron a aprendizaxe)			
8. Claridade nos criterios de avaliación			

9. Uso de diversas ferramentas de avaliación			
10. Avaliación dos estándares de aprendizaxe			
11. Resultados de avaliación			
12. Atención á diversidade (As medidas de atención á diversidade foron adecuadas para as características do alumnado)			

PROGRAMACIÓN ARTS E CRAFTS
2º E. P.
CEIP P. Cardeal Quiroga Palacios
CURSO 2021-22

Mestra: **Susana García Calaza**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.
4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA
5. INSTRUMENTOS, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (MÍNIMOS ESIXIBLES)
6. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR
7. TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS
12. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está deseñada para á área de Educación Plástica, que englobada dentro da área da educación Artística xunto coa Educación musical, e se impartirá en inglés (*Arts*), no 2º curso de Educación Primaria para o ano académico 2021-2022. Neste segundo nivel temos dúas liñas onde o alumnado distribúese así: en 2º A hai 24 alumnos/as, en 2º B hai 24 alumnos/as. As sesións de Arts son de 55 minutos e unha hora á semana.

As manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no entorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. Así, permítennos sentir, explorar e transformar a realidade, facilitando o desenvolvemento integral e harmónico das cualidades humanas.

Nesta área e segundo curso seguindo o currículo e o libro de texto ***Arts & Crafts, Class Book. Module 2*** da editorial OUP centraremos na comprensión, expresión e representación, que potenciarán o mundo exterior e interior do alumnado.

Desenvolveremos tres proxectos, un por trimestre, e espérase que o alumnado desenvolva dúas habilidades: a capacidade de percibir a representación nas artes plásticas e capacidade para expresar ideas e sentimentos a través destas.

O punto de referencia será o traballo propio do alumnado có fin de que cheguen a apreciar e a desfrutar coas composicións artísticas.

Traballaremos **seis áreas** fundamentais ao longo do curso que son:

- Os **elementos da linguaxe visual**, é dicir, todo aquilo que pode cargarse de expresión dentro dun plano ou espazo, de xeito intencionado e creativo. Entre estes elementos de expresión están os chamados 'signos gráficos': os puntos, as liñas, as manchas, as formas, as texturas e a cor.
- As **composicións plásticas** que neste curso, dada a idade do noso alumnado, se centrará no uso axeitado do espazo amosando soltura e destreza. Así as actividades propostas mellorarán a coordinación óculo-manual e a orientación no plano, debuxando

líñas, puntos, manchas e formas en distintas dirección. E aprenderán a colorear superficies, formas con cores e a crear *collages* e esculturas.

- O **debuxo como linguaxe plástica** que se manifesta en actividades pautadas e de debuxo a man alzada, favorecendo a expresión e comunicación do alumnado.
 - A **apreciación de distintas manifestacións artísticas** a través de actividades de imitación e recreación de distintas obras de arte e manifestando o interese e o gusto por elas.
 - As **técnicas e materiais** que empregaremos para o desenvolvemento das actividades de debuxo, creación de motivos e colorear propostas é variado: ceras, lapis de cores, distintos papeis, material de refugallo, témperas, etc. E combinaranse en técnicas de *collage*, estampado, etc.
 - O **inglés na aula** será vital e indispensable para a mestra e para os alumnos, que o porán en práctica expresándose e comunicándose. Búscase que na clase de *Arts* os alumnos participen en actividades que lles axuden a aprender o idioma.
- En calquera caso espérase que o alumnado amose o seu propio criterio estético, seguindo unhas normas e dándolle os recursos

necesarios.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Esta área de Educación Plástica contribúe notablemente ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A área de Educación artística contribúe directamente en tódolos aspectos que configuran a área a adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos, e nas técnicas e recursos que lle son propios, axudando ao alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que lle rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cós demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, a o tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e de expresión.

A área, ao propiciar o acercamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do entorno máis próximo como doutros pobos, dota a os alumnos e alumnas de instrumentos para valora-las e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cós produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso no só contribúe a orixinalidade e a busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un mesmo suposto. Neste sentido a área de Educación artística contribúe a competencia Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require dunha planificación previa e demanda un esforzo por acadar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supón o desenvolvemento de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuíndo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

- **Competencia social e cívica (CSC)**

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: *collage*, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais como grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, a asunción de responsabilidades e a utilización de espazos de xeito apropiado, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico axeitado. Todo isto fai que a área contribúa ao desenvolvemento da Competencia social e cívica.

- **Aprender a aprender (CAA)**

A competencia para Aprender a aprender contribúese na medida na que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, có fin de que os coñecementos adquiridos doten a nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utiliza-los en situacións diferentes. O

desenvolvemento da capacidade de observación, demanda a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que o rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área aporta, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Tamén se desenvolve esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións aportadas no desenvolvemento dos proxectos e da propia presentación dos mesmos.

- **Competencia dixital (CD)**

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coas artes visuais e para acercar ao alumnado a creación de producións artísticas e de análise da imaxe e o son e das mensaxes que transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

- **Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía (CMCT)**

A área contribúe a adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiás, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo.

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Na táboa que se adxunta a continuación recóllense os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e competencias clave para a área de **Educación artística**, no **segundo curso** de Educación Primaria que aparecen no **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo. ▪ B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais. ▪ B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico. ▪ B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. ▪ B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.3. Identifica os tamaños. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> e j 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas. B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas. B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> j 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc. B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.). B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os tamaños. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> a b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Respetar as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC

3.1. Obxectivos

PLANETS AND STARS

- Familiarizarse co arte abstracto.
- Describir unha obra abstracta.
- Identificar tipos de formas e liñas nun cadro.
- Comprender a secuencia visual dunha historia.
- Valorar as visitas a museos e exposicións.
- Familiarizarse con distintas figuras en forma de estrela.
- Iniciarse na utilización de ferramentas de debuxo técnico.
- Identificar e describir planetas e constelacións.
- Facer unha composición con planetas e estrelas.
- Realizar un cohete con materiais reciclados.
- Crear e decorar un móbil co sistema solar.

WEATHER AND COLOUR

- Observar o mundo que nos rodea.
- Realizar composicións sinxelas representando o tempo atmosférico.
- Identificar e utilizar distintos tipos de liñas e texturas nun debuxo.
- Comprender a secuencia visual dunha historia.
- Entender o uso e características das cores básicas.

- Distinguir entre cores primarias e secundarias.
- Comprender mesturas de cores básicas.
- Completar un debuxo con texturas reais e visuais.
- Realización de obras plásticas facendo uso de diferentes materiais.
- Explorar as distintas texturas de obxectos cotiás.
- Crear unha composición con texturas.

URBAN LANDSCAPES

- Identificar e describir murais urbanos.
- Familiarizarse con distintas técnicas de debuxo e pintura.
- Utilizar a regra milimetrada para o trazado de liñas.
- Identificar e describir liñas e formas nun debuxo.
- Recoñecer e debuxar siluetas e contornos.
- Describir e debuxar siluetas de cidades famosas.
- Comprender os conceptos de cerca e lonxe na imaxe en perspectiva.
- Realizar un *collage* dunha cidade con recortes de cartolina.
- Describir o traballo propio e o do grupo.
- Valorar as creacións artísticas dos demais.

3.2. Contidos

Os contidos da área Educación plástica como se ve na táboa anterior organizanse en tres bloques, que traballaremos ao longo do curso e que son:

- **Bloque 1. Educación audiovisual.** Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe e traballaranse os seguintes contidos:
 - Observación, comparación e recoñecemento de imaxes fixas e en movemento (historietas, cómic, ilustracións, fotografías, adhesivos, carteis, cine, televisión...).
 - Observación, exploración, descrición e análise dos elementos plásticos presentes no contorno próximo (ilustracións, fotografías, cromos, adhesivos, carteis...).
 - Recoñecemento de figuras xeométricas básicas nos elementos do seu entorno e as representacións das mesmas nas súas composicións bidimensionais
 - Secuenciación das viñetas dunha historia na orde na que transcorre a mesma.
 - Clasificación de imaxes presentes nos contextos próximos, en distintos medios; fotografía, prensa, carteis, televisión, videoxogos, ordenador...
 - Preparación de documentos propios da comunicación artística como cómics e viñetas.
 - Observación das diferentes formas de representar o espazo e o tempo en producións bidimensionais.
 - Exploración inicial da representación de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.
 - Busca, creación e difusión de imaxes fixas e a súa aplicación en cómics.

- Coñecemento e observación das normas de comportamento en exposicións.
- Observación da obra plástica e visual no entorno e en exposicións ou museos e comentarios posteriores sobre as mesmas.
- **Bloque 2. Expresión artística.** Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais.

Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación. Traballarase os seguintes contidos:

- Elaboración dunha composición plástica a partir de puntos e diferentes tipos de liñas (recta, curva, zigzag, ondulada, aberta e pechada) para representar o seu entorno.
- Identificación das liñas horizontais e verticais en diferentes composicións.
- Realización de composicións plásticas utilizando as formas xeométricas básicas.
- Utiliza os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción nas súas producións bidimensionais.
- Realización de traballos artísticos que amosen diferentes texturas.
- Utilización de distintas técnicas plásticas: debuxo e coloreado.
- Traballo en grupo colaborando coas tarefas que lle foron encomendadas e respectando as ideas dos demais.
- Confianza nas posibilidades de produción artística.
- Exposición do resultado e comunicación oral das impresións que a obra artística propia e allea suscita.
- Utilización de diferentes instrumentos na experimentación do trazo e da liña, tanto espontáneo como con intencionalidade.
- Disfrute na manipulación e exploración dos materiais.

- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no entorno natural, artificial e artístico, especialmente dos da linguaxe plástica: forma, cor e textura.
 - Curiosidade por descubrir as diferentes posibilidades de representar o espazo.
 - Experimentación con diversos tipos de pintura, explorando as súas posibilidades.
 - Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras áreas ou proxectos.
 - Desenvolvemento de hábitos de traballo, constancia e valoración do traballo ben feito, tanto individualmente coma en grupo.
 - Organización dos recursos (materiais, persoais e temporais) necesarios para a elaboración dun proxecto.
 - Uso progresivo e axeitado de términos referidos a materiais e instrumentos.
 - Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no entorno natural, artificial e artístico, especialmente dos da linguaxe plástica: forma e volume.
 - Experimentación con diversos materiais, instrumentos e soportes de diferentes medidas e formatos.
 - Uso da cor nas súas producións plásticas.
 - Utilización de distintas técnicas plásticas: debuxos, pinturas, ilustracións, plegado de formas
 - Uso das técnicas de modelado e plegado de papel para realizar obras tridimensionais.
- **Bloque 3. Debuxo xeométrico.** Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

CONTIDOS LINGÜÍSTICOS

Vocabulario

- Colours: cold colours, warm colours, bright, dark, light, soft
- Artwork: collage, craft, drawing, painting, sculpture, paper model, totem pole
- Materials: glue, paper, wool
- 2D shapes: circle, diamond, oval, rectangle, square, trapezium, triangle
- Lines: curvy, dashed, dotted, straight, wavy, zig-zag, diagonal, horizontal, vertical
- Places: art gallery, museum
- Planets: Mercury, Venus, Earth, Mars, Jupiter, Saturn, Neptune, Uranus
- Space: constellation, moon, planet, star, sun, universe, astronaut
- Stars: eight-pointed star, five-pointed star, four-pointed star, six-pointed star
- Verbs: draw, cut out, paste, sing
- Patterns: dashes, dots, drops, lines
- Primary colours: blue, red, yellow and secondary colours: green, orange, purple
- Seasons: summer, autumn, winter and spring
- Sky: cloud, sun, moon
- Texture: bumpy, hard, rough, soft, smooth
- Verbs: colour, cut out, decorate, draw, mix, paint, paste, print, stamp, trace
- Weather: rain, rainy, stormy, sunny, snow, snowing, windy
- Windmill craft: corner, cross, pin, windmill

- Architecture: bridge, castle, cathedral, monument, museum, palace, tower
- Art: graffiti, mural, street art, urban art
- Cities: building, city, cityscape, wall
- Drawing: grid, outline, silhouette, ruler
- Text design: font, letters, shadow

Estruturas clave

- *There are lots of stars.*
- *The children are in an art gallery.*
- *That's a four-pointed star.*
- *I can see zig-zag lines.*
- *My rocket is made of card and foil.*
- *My planet is orange and red.*
- *Blue, red and yellow are primary colours.*
- *It's got red dots.*
- *My cloud has cotton.*
- *My moon is white and your moon is yellow.*
- *My windmill is yellow with colourful lines.*
- *This is my collage. It's got squares and rectangles.*
- *It's bumpy and rough.*
- *What this? It's a palace.*

- *Is this an outline or a silhouette?*
- *It's an outline of London.*
- *This is a city skyline of New York.*
- *I'm going to copy this picture. I'm going to draw the outline of the city.*
- *When things are close they look bigger.*
- *You can see street art and graffiti on this street.*
- *Street art is done with permission.*

3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento clasificándolas seguindo patróns aprendidos.
- Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
